



Compostela
Cultura

VIAXES

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

XOVES 17

MARZO 2022

Auditorio de Galicia, 20.30 h

Manuel Hernández-Silva Director

Robert Lakatos Violín


Sala Mozart

19.45 h

CONvers@ndo con

Manuel Hernández-Silva Director





PROGRAMA

I

MIJAÍL GLINKA (1804-1857)

Abertura “Unha vida polo Zar”

HENRYK WIENIAWSKI (1835-1880)

Concerto para violín núm. 1 en fa sostido menor, op. 14

Allegro moderato

Prehiera [Prayer]: Larghetto

Rondo: Allegro giocoso

Robert Lakatos, violín

II

VASILÍ KALINNIKOV (1866-1901)

Sinfonía núm. 1 en sol menor

Allegro moderato

Andante commodamente

Scherzo: Allegro non troppo

Finale: Allegro moderato

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 25 minutos.

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora convidada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo. A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal directora convidada

Joana Carneiro

Director asociado

Maximino Zumalave

VIOLÍNS I

James Dahlgren
(concertino)
Adriana Winkler
(axuda de concertino)
Anca Smeu **
Yulia Petrushevskaya
Claudio Guridi
Ilya Fisher
Ildikó Oltai
Michal Ryczel
Victoria Jurov
Anna Alexandrova

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Samira Ajkic
Helena Sengelow
Elina Viksne
Gyula Vadaszi
Irina Gruia
Enrique Roca
Kiyoko Ohashi

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Anne Schlossmacher
Timur Sadykov
Iriana Fernández
Ionela Ciobotaru
Oxana Bakulina

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Millán Abeledo
Carlos García
Thomas Piel
Clara Martínez (R)

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Raquel Miguélez (R)

FRAUTAS

Luís Soto *
Iago Lariño (R)
Cristina Pati ***

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **
Rut Santiago ***

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **

TROMPAS

Alfredo Varela *
Xavier Ramón **
Jordi Ortega *
Pablo Fernández (R)

TROMPETAS

Ramón Llátser *
Víctor Vilariño (R)

TROMBÓNS

Iago Ríos (R)
José Ramiro Pérez (R)
Marcos Dorado (R)

TUBA

Alfredo Viceiro (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Pablo Cabanelas (R)

ARPA

Bleuenn Le Fric (R)

* principal | ** copincipal | *** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

Manuel Hernández-Silva

Director

Graduouse no Conservatorio Superior de Viena con matrícula de honra na cátedra dos profesores Reinhard Schwarz e Georg Mark. No ano da súa diplomatura gañou o concurso de dirección Forum Jünger Künstler, convocado pola Orquestra de Cámara de Viena, dirixindo a esta formación na Konzerthaus da capital austríaca.

Ten dirixido en grandes festivais internacionais e é un convidado habitual de orquestras españolas e estranxeiras. Foi director titular da Orquestra de Córdoba, principal director convidado da Orquestra Simón Bolívar de Caracas -coa que traballou intensamente durante máis de cinco anos-, director musical da Orquestra Joven de Andalucía e director titular e artístico da Filarmónica de Málaga e da Sinfónica de Navarra.

Tense posto á fronte de orquestras como a Sinfónica de Viena, Orquestra Radiofónica da WDR de Colonia, Rheinische Philharmonie, Sinfónica de Wuppertal, Sinfónica de Israel, Sinfónica de Radio Praga,

Filarmónica Janáček, Nord Czech Philharmonic, Filhamónica de Olomouc, Sinfónica Biel, Sinfónica de Mulhouse, Filharmónica de Seúl, Filharmónica Bohuslav Martinů, Filharmónica Hradec Králové, Sinfónica Nacional de México, Sinfónica de Puerto Rico, Filarmónica de Buenos Aires, Sinfónica Nacional de Chile, Sinfónica de Venezuela, Sinfónica de Caracas ou a Orquestra Simón Bolívar.

En España ten dirixido a Real Filharmonía de Galicia, Oviedo Filarmonía, Sinfónica del Principado de Asturias, Sinfónica de Bilbao, Sinfónica de Euskadi, Sinfónica de Navarra, Orquestra Sinfónica de Barcelona i Nacional de Catalunya, Orquestra Sinfónica del Vallés, Sinfónica de la Región de Murcia, Orquestra Ciudad de Granada, Orquestra de Córdoba, Filarmónica de Málaga, Orquestra de Extremadura, Orquestra Sinfónica de Castilla y León, Orquestra Sinfónica de RTVE, Orquestra de la Comunidad

de Madrid, Orquesta Nacional de España, Filarmónica de Gran Canaria, Sinfónica de Tenerife e Sinfónica de les Illes Balears; e en importantes festivais como a Quincena Musical Donostiarra, Festival Internacional de Música y Danza de Granada, Festival de Úbeda ou Festival de Cemski-Krumlov na República Checa.

Como director de ópera, obtivo excelentes críticas polo seu traballo en títulos como *A fruta máxica*, *Così fan tutte* ou *Don Giovanni* de Mozart; *Fidelio* de Beethoven; e *La bohème*, *Gianni Schicchi*, *Tosca*, *Madame Butterfly* ou máis

recentemente *Manon Lescaut* de Puccini.

Algúns importantes debuts recentes ou próximos inclúen a Orquesta Sinfónica de Tucson, Orquesta Nacional Burdeos-Aquitania ou a Filharmónica do Ártico de Noruega. O mestre Hernández-Silva desenvolve unha intensa actividade docente, impartindo cursos internacionais de dirección, así como numerosas conferencias. Todo isto tenlle valido o recoñecemento dos músicos cos que ten traballado, o do público e o da crítica especializada.

Robert Lakatos

Violín

Comezou os seus estudos musicais aos sete anos na súa localidade natal, Novi Sad (Serbia), da man do seu pai, Imre Lakatos. Foi o estudante máis novo en licenciarse na Academia de Artes de Novi Sad, onde estudou baixo a dirección do prestixioso pedagogo Dejan Mihailović. Continuou a súa formación na Universidade das Artes de Zúric con Eudolf Koelman,

onde recibiu unha bolsa da Swiss Lyra Foundation para músicos excepcionalmente dotados. Asistiu a clases con algúns dos máis destacados violinistas do mundo como Aaron Rosand no New York's Summit Music Festival, e con Julian Rachlin na Universidade de Música e Artes de Viena.

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

Gañou numerosos galardóns internacionais, entre os que destacan os primeiros premios no Concurso Pablo Sarasate de Pamplona (2015), Mary Smart Concerto Competition (Nova York, 2013), Société Générale Serbia (Belgrado, 2009), e os segundos premios de Jeunesses Musicales Romania (Bucarest, 2012), Andrea Postacchini (Fermo, Italia, 2012).

Robert Lakatos desenvolve a súa carreira como solista e músico de cámara en Europa, Israel e os EEUU. Como solista ten tocado coa Orquesta de RTVE, Orquesta Sinfónica de Navarra, Filarmónica de Málaga, Filarmónica de Minas Gerais, Filarmónica de Cracovia, Orquesta Sinfónica de la UAN de México, Sinfónica Estatal de Estambul, New York Summit Festival Orchestra, Sinfónica da RTV Eslovena, Filarmónica de Belgrado, Sinfónica de Vojvodina ou Camerata *Janáček*. Ten colaborado con directores como Philip Greenberg, Fabio Mechetti, Gabriel Feltz, Manuel Hernández-Silva, Nicholas Milton, James Judd, James Tuggle, Lior Shambadal ou Antoni Wit.

Ten realizado gravacións para radio e televisión no seu país e no estranxeiro. Na actualidade desempeña o posto de profesor de violín na Academia das Artes de Novi Sad, onde estudou e onde a Provincia Autónoma de Vojvodina e a Academia de Artes e Ciencias de Vojvodina lle recoñeceron como Mellor Artista Novo en 2016.

Robert Lakatos toca un violín Svetozar Bogdanoski e usa un arco Vladimir Radosavljević.

Mikhail Glinka é considerado o pai da música rusa e influíu fondamente en compositores como Borodin, Rimsky Korsakov, Stravinski ou Chaikovski, quen escribiu: “Toda a escola sinfónica rusa está contida na *Kamarinskaya* de Glinka...”. *Kamarinskaya* foi a primeira obra orquestral baseada totalmente na canción popular rusa; para moitos, a obra cume do compositor e outros tantos opinan que ata a súa chegada non había música rusa pois os demais compositores imitaban os estilos europeos, as únicas obras que coñecían e no campo operístico, sobre todo, dominado por compositores italianos. Glinka entrou en escena cando unha onda de nacionalismo percorría Europa e foi o primeiro en incluír o folclore ruso nas súas composicións, converténdose no fundador da escola do romanticismo ruso do século XIX. En 1830, o compositor viaxou a Italia onde escoitou o que escribían compositores como Bellini e Donizetti e na súa volta a Rusia compuxo a súa primeira e exitosa ópera en cinco actos, *Unha vida polo zar* que, seguindo o consello de Vasili

Zhukovski, baseou na historia dun campesiño, Ivan Susanin, que se sacrificou para protexer ao zar; gracias a el, foi coroado e reinou en Rusia durante 32 anos, fundando a dinastía Románov. En 1836, Glinka completou a ópera cuxa innovadora abertura comeza cunha característica melodía rusa, interpretada polo óboe. A seguir, o movemento principal en forma de sonata no que o tema principal é interpretado polos primeiros violíns cunha sección de transición baseada nese tema principal dá paso ao segundo tema, interpretado polo clarinete. O desenvolvemento continúa e fai referencia ao tema inicial. Logo chega a recapitulación e unha longa e elaborada coda.

Virtuoso violinista e compositor, Henryk Wieniawski foi un neno prodixio e con oito anos, comezou estudos no Conservatorio de París -co violinista belga Lambert Joseph Massart- graduándose tres anos despois. Seguíu tomando clases con Massart e iniciou a súa carreira como concertista, actuando en París, San Petersburgo, os países bálticos e Varsovia, capital do seu país natal. Tras o éxito

en San Petersburgo, regresou a París en 1849 para estudar composición con Hippolite Collet, rematando a súa formación nun ano. En 1860, invitado por Anton Rubinstein trasladouse a San Petersburgo onde foi profesor, músico de cámara, director e considerado un dos fundadores da escola rusa de violinistas sendo comparado polos seus contemporáneos con Paganini. Wieniawski compuxo desde moi cedo e escribiu algunhas obras moi importantes na literatura do violín, incluíndo dous concertos para violín publicados. O *Concerto para violín núm. 1, op. 14*, está dedicado ao rei Federico Guillerme IV de Prusia e foi estreado en 1853. O clarinete abre o *Allegro moderato* e a orquestra síguese coa interpretación do primeiro tema. Os violonchelos anuncian o segundo tema é retomado polos violíns, antes de que o solista explore ambos temas ao tempo que interpreta outros novos. Na parte central, o violín protagoniza unha sección que conduce a unha repetición do primeiro tema por parte da orquestra para dar paso á sofisticada cadencia

para o solista ata chegar a unha coda impetuosa que inclúe unha repetición do tema inicial e a fin do movemento. Como contraste a este primeiro movemento aparece un curto *Larghetto* de carácter lírico e calmo. Sen pausa xa que os metais tocan unha fanfarra para comezar o final, chega un *Allegro giocoso* no que o violín emparéllase coa orquestra a ritmo de danza, salvo nunha sección contrastante de natureza máis suave. Neste último movemento non hai fogos artificiais para o solista como no primeiro, pero segue a ser moi esixente para o intérprete. O violín aumenta a velocidade e o concerto conclúe con outra nota, case imposible, antes do acorde final.

Os escasos recursos económicos da familia de Vasili Kalinnikov levárono a estudar no seminario de Orel, preto da súa cidade natal Voina, facéndose cargo do coro aos 14 anos. En 1884, recibiu unha bolsa para realizar estudos de fagot e composición na escola da Sociedade Filharmónica de Moscova. Sobreviviou tocando o fagot, o timbal e copiando partituras ata que en 1892, coñece a Chaikovski quen consegue sexa

nomeado director do Teatro Maliy e ao ano seguinte, do Teatro Italiano, ambos en Moscova. A tuberculose obrigao a deixar o cargo na procura dun clima máis favorable, instalándose ao sur de Crimea, en Yalta onde completa, entre outras, a súa *Primeira Sinfonía* (1894 – 1895) que non foi publicada ata despois da súa morte aínda que si interpretada en vida do autor, en Moscova, Berlín e Viena. Kalinnikov foi esquecido, como tantos outros, pero redescuberto nos anos cincuenta do século XX, debido a que o seu estilo nacionalista encaixaba no arquetipo soviético de como debería ser a música rusa e volveu a ser interpretado na Unión Soviética. De esquema clásico, esta *Sinfonía núm. 1* está inspirada en temas folclóricos rusos, empregados de xeito diferente a como o farían outros compositores rusos, como Borodin ou Mussorgski. As melodías son recoñecibles, con aires orientais evidentes nalgunhas pasaxes e temas livianos ademais de ofrecer unha exuberante orquestración. O primeiro movemento, *allegro moderato*, arranca potente, atacando, sen introdución e

incluíndo dous temas contrastados: o principal que se repetirá en numerosas ocasións en toda a sinfonía e un segundo, o máis atractivo e representativo da peza, polo seu gran lirismo melódico de carácter eminentemente ruso. Tras repetir a exposición, continúa cun desenvolvemento que utiliza unha orquestración colorida e formas fugadas. Dúas notas repetidas insistentemente polo violín acompañado da arpa, mantéñense como fondo case todo o segundo movemento e forman o soporte sobre o que se desenvolve un tema lírico presentado polo corno inglés. A corda é respondida polo óboe nunha nostálxica melodía e a parte central, de grande emoción, está protagonizada polas madeiras. O óboe aparece novamente no final, coas dúas notas repetidas do inicio, terminando serenamente como empezou. O clásico *Scherzo* asoma con forza, presenta unha danza campesíña de carácter ruso cun mosaico de variacións bulideiras co tema principal do movemento que ten certa semellanza co do primeiro. Na coda final, as fanfarras recobran

protagonismo e para finalizar como comezaba, outro *allegro moderato* aberto polo primeiro tema pero, rapidamente, unha variación faino distinto. Na parte central, a música vólvese animada con varios temas que reaparecen como o presentado, no movemento lento, polo corno inglés pero interpretado con máis estridencia. Brillante e solemnemente finaliza esta sinfonía.

PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 24 marzo, 20:30 h

FEITO EN HAMBURGO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

C. P. E. Bach: Sinfonía en Do M, H 659 (W. 182/3) das Sinfonías de Hamburgo

J. Brahms: Sinfonía nº 2 en Re M, op. 73

19:45 h

Sala Mozart

Conversando con...

Paul Daniel

Xoves 31 marzo, 20:30 h

PRIMAVERA XERMÁNICA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Nicolas Altstaedt, director e violoncello

R. Schumann: Concerto para violoncello en la menor, op. 129

R. Schumann: Sinfonía núm. 1 en Si bemol maior, op. 38 "Primavera"

19:45 h

Sala Mozart

Conversando con...

Nicolas Altstaedt



AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)

T 981 542 462 Zona C

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura



@rfgalicia

@CCultura

